Universidade Vigo

EIDO
Escola Internacional de Doutoramento

Anexo a o edificio de Xerencia
e Servizos Centrais, 1º andar
Campus universitario
36310 Vigo
España

Tel. 986 813 442

eido.uvigo.es
eido@uvigo.es

# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

**Lugar**: sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto
**Data**: 23 de xullo de 2020
**Hora de comezo**: 13:00 h
**Hora de remate**: 14:00 h

ASISTENTES

Antonio Pino García (director da Eido), presidente
Joaquín Collazo Rodríguez (director da Área de Calidade)
José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)
Paloma Morán Martínez (responsable de calidade dos PD do ámbito Campus do Mar)
María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)
Teresa Rivas Brea (responsable de calidade dos PD do ámbito Artes e Humanidades)
Ángeles Parrillas Lata (responsable de calidade dos PD do ámbito Xurídico-Social)
Sara Martínez Carrera (alumna)
Marcos Arias Acuña (subdirector da Eido), secretario

INVITADOS

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

ORDE DO DÍA

1  Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

2  Informe da presidencia

3  Validación, se procede, das memorias de verificación e modificación de programas de doutoramento para implantar no curso 2021/22

4 Validación, se procede, dos informes de acreditación dos programas de doutoramento presentados (convocatoria 2019/20)

5 Análise dos resultados da enquisa do ciclo 2017/18 – 2018/19 e aprobación das metodoloxías e da programación para o ciclo 2019/20 – 2021/22

6 Certificación do deseño do sistema de garantía de calidade de doutoramento: análise do informe e aprobación do plan de melloras

7 Presentación do informe anual de resultados de queixas, suxestións e parabéns (QSP) en doutoramento

8 Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS

**1  Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Apróbase por asentimento a acta da sesión anterior, de carácter ordinario, do día 19.07.2019.

**2  Informe da presidencia**

O director da Eido informa sobre as seguintes cuestións:

- Situación do SGC: O día 30 de xullo de 2019 a ACSUG remitiu o Informe de certificación do deseño cun resultado FAVORABLE. No punto 6 comentarase con detalle o SGC.

- Situación xeral sobre calidade no doutoramento. En canto as directrices xerais que afectan a todos os programas de avaliación, a suspensión de prazos administrativos establecida no RD 463/2020, aplicouse a todos os procedementos administrativos de ACSUG, mantendo activas as actividades de avaliación a través das diferentes plataformas (https://srv.aneca.es/verifica/ e https://avalia.acsug.es/), para que as Comisións de Avaliación de títulos e centros traballen con normalidade, e mantendo a CGIACA, órgano encargado da emisión de informes de ACSUG, as reunións virtuais para aprobar os diferentes informes e proceder a súa emisión. En canto os programas de acreditación de títulos oficiais, suspéndense todas as visitas a centros de maneira presencial, e, no caso da renovación da acreditación dos Programas de Doutoramento, dado que están afectados pola moratoria (disposición adicional décimo quinta do RD 103/2019, de 1 de marzo) realizarase unha reprogramación das visitas inicialmente planificadas para este curso académico tratando, na medida do posible, de realizalas no último trimestre de 2020.

- Situación das modificacións e verificacións dos PD: o Consello galego de Universidades autorizou o programa de Turismo no mes de xuño, coordinado pola Universidade de Málaga.

- Acreditación dos programas de doutoramento: resultados da convocatoria piloto e programas que

renovan no 2020:

| Rama | ID | Denominación | Fecha de verificación | Curso Acreditación | Universidades participantes |
|---|---|---|---|---|---|
| Enxeñaría e Arquitectura | 5600839 | Programa de Doutoramento en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións | 25/09/2013 | 18/19 (Piloto) | |
| Xurídico-Social | 5600831 | Programa de Doutoramento en Ciencias da educación e do comportamento | 25/09/2013 | 18/19 (Piloto) | |
| Xurídico-Social | 5600840 | Programa de Doutoramento en Educación, deporte e saúde | 11/12/2013 | 18/19 (Piloto) | |
| Xurídico-Social | 5600983 | Programa de Doutoramento en Ordenación xurídica do mercado | 25/09/2013 | 18/19 (Piloto) | |
| Artes e Humanidades | 5600707 | Programa de Doutoramento en Comunicación | 25/09/2013 | **2019/2020** | |
| Artes e Humanidades | 5600870 | Programa de Doutoramento en Estudios Literarios | 25/09/2013 | **2019/2020** | UDC; UVI |
| Artes e Humanidades | 5600889 | Programa de Doutoramento en Creación e Investigación en Arte Contemporánea | 25/09/2013 | **2019/2020** | |
| Ciencias | 5600861 | Programa de Doutoramento en Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida | 25/09/2013 | **2019/2020** | |
| Ciencias | 5600867 | Programa de Doutoramento en Biotecnoloxía Avanzada | 25/09/2013 | **2019/2020** | UVI, UDC |
| Enxeñaría e Arquitectura | 5600896 | Programa de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria | 25/09/2013 | **2019/2020** | |
| Enxeñaría e Arquitectura | 5600876 | Programa de Doutoramento en Enxeñaría Química | 25/09/2013 | **2019/2020** | |
| Enxeñaría e Arquitectura | 5600984 | Programa de Doutoramento en Xeotecnoloxías aplicadas á Construcción, Enerxía e Industria | 25/09/2013 | **2019/2020** | USAL |
| Xurídico-Social | 5600871 | Programa de Doutoramento en Xestión e resolución de conflitos. Menores, Familia e Xustiza terapéutica | 11/12/2013 | **2019/2020** | |
| Xurídico-Social | 5600884 | Programa de Doutoramento en Equidade e innovación en educación | 25/09/2013 | **2019/2020** | UDC, UC, UniOVI,USC |
| Artes e Humanidades | 5600874 | Programa de Doutoramento en Estudios Lingüísticos | 25/09/2013 | 2020/2021 | UDC; UVI |
| Artes e Humanidades | 5600881 | Programa de Doutoramento en Traducción e Paratraducción | 25/09/2013 | 2020/2021 | |
| Ciencias | 5600828 | Programa de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces | 11/12/2013 | 2020/2021 | |
| Ciencias | 5600864 | Programa de Doutoramento en Ecosistemas Terrestres, Usos Sustentables e Implicacións Ambientais | 11/12/2013 | 2020/2021 | |
| Ciencias | 5600883 | Programa de Doutoramento en Física Aplicada | 11/12/2013 | 2020/2021 | UVI, UDC |
| Enxeñaría e Arquitectura | 5600933 | Programa de Doutoramento en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria | 25/09/2013 | 2020/2021 | |
| Enxeñaría e Arquitectura | 5600875 | Programa de Doutoramento en Sistemas Software Intelixentes e Adaptables | 25/09/2013 | 2020/2021 | |
| Enxeñaría e Arquitectura | 5600869 | Programa de Doutoramento en Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica | 25/09/2013 | 2020/2021 | UEX |

Solicitarse a moratoria para o programa de doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial.

- Seguimento dos programas de doutoramento: sen resposta da ACSUG da proposta conxunta das 3 universidades do SUG:




- HR: participación ata 2022 da Eido e do Xefe de Servizo de Posgrao nas distintas iniciativas (e nos grupos de traballo) que se van desenvolvendo neste programa: aprobouse o Regulamento do Persoal Investigador Visitante, Welcome Pack, e estase a traballar na Web de Investigación e no manual de benvida.

**3 Validación, se procede, das memorias de verificación e modificación de programas de doutoramento para implantar no curso 2021/22**

Apróbase por asentimento adiar ata setembro a validación das memorias, debido a que aínda non estiveron en exposición pública as memorias dos programas en verificación. Afecta a dous novos programas e unha modificación:

- PD en Matemáticas e Aplicacións, responsabilidade da USC
- PD en Ciencias Sociais e Envellecemento, responsabilidade da Universidade de Porto, coordinado no SUG pola Universidade de Vigo
- PD en Educación, Deporte e Saúde (modificación tras renovar a acreditación)

**4 Validación, se procede, dos informes de acreditación dos programas de doutoramento presentados (convocatoria 2019/20)**

Apróbase por asentimento adiar ata setembro a presentación dos informes de acreditación para validar na Comisión de Calidade.
Lémbrase a todos os programas que a renovación da acreditación non é un exame do funcionamento da CAPD do programa, senón unha revisión do funcionamento institucional de toda a Universidade, aplicada a un programa de doutoramento, incluíndo os servizos, a EIDO, profesores e estudantes

**5 Análise dos resultados da enquisa do ciclo 2017/18 – 2018/19 e aprobación das metodoloxías e da programación para o ciclo 2019/20 – 2021/22**

O técnico superior de calidade da Área de Calidade analiza os resultados da avaliación de satisfacción do período 2017/18 a 2018/19.
En síntese (véxase presentación que se xunta):

- Estudantes de doutoramento: as avaliacións realizáronse en liña (enquisas mediante a plataforma LimeSurvey) aos estudantes de primeiro e terceiro ano no 2017/18 e 2018/19.
- Estudantes de fin de tese: aínda non se desenvolveu o cuestionario da enquisa previstas para realizarse ao recoller o título.
- Egresados: a enquisa de inserción laboral para titulados depende da ACSUG que considera que aínda non hai poboación suficiente.
- Profesorado: a enquisa bienal do PDI realizouse no 2017/18.
- PAS: a bienal do PAS será mediante grupo de opinión. Estaba prevista para 2019 pero non se realizou para harmonizala coas outras universidades de SUG.
- Entidades colaboradoras e emprendedores: non está prevista para este período.

Conclusións xerais:

- activáronse mecanismos de avaliación da satisfacción para colectivos relevantes (estudantes, PDI)
- de entre os que quedan pendentes, quizais conviría analizar unha posible fonte de información dos titulados a través do Consello Social
- respecto do PAS, por agora non foi posible definir o cuestionario e poñer en marcha os grupos
- as frecuencias de realización e as metodoloxías, por agora, semellan axeitadas.
- os cuestionario para os estudantes son quizais algo extensos

Resultados de participación:

- 50,61% no 2017/18 e 50,42% no 2018/19 nos estudantes de primeiro ano
- 47,3% no 2017/18 e 42,6% no 2018/19 nos estudantes de terceiro ano
- 52,73% na do PDI
- Como conclusións, os resultados de participación son moi positivos, con valores mesmo por riba do 50%; na dos estudantes tivo maior participación entre os de 1º ano que os de 3º, mentres que por PD, a variabilidade é importante; na do PDI a primeira enquisa obtivo resultados de case un 53%; e as actividades para fomentar a participación (combinación dos impactos empregando mensaxes automáticas, redes

sociais da universidade e información a través das CAPD) por agora son efectivas.

Resultados de satisfacción:

- 3,33 no 2017/18 e 4,04 no 2018/19 nos estudantes de primeiro ano
- 3,49 no 2017/18 e 3,76 no 2018/19 nos estudantes de terceiro ano
- 3,65 na do PDI
- Como conclusións, en liñas xerais, os resultados de satisfacción son positivos, con valores da escala máis preto do *satisfactorio* (4/5) que do *aceptable* (3/5); nas dos estudantes, apréciase unha tendencia positiva, tanto nos de 1º ano como nos de 3º; na do PDI, a primeira enquisa obtivo un resultado de *aceptable* (3/5), destacando que o 100% dos PD teñen unha valoración media superior a 3.

Relación cos obxectivos de Calidade:
Os resultados das avaliacións realizadas, acádanse os obxectivos previstos.

- Os aspectos mais valorados foron:
  - Para os estudantes de primeiro ano, a dirección de teses, os titores, a coordinación do PD e o profesorado do PD
  - Para os estudantes de terceiro ano, a dirección de teses, os titores, o profesorado do PD e a relación cos obxectivos profesionais
  - Para o profesorado, a formación investigadora adquirida polo estudantado, a adecuación e a dispoñibilidade de recursos, a motivación e coñecemento do estudantado e a información proporcionada pola CAPD
- Os aspectos menos valorados foron:
  - Para os estudantes de primeiro ano, o sistema de bolsas/contratos, a información xeral do PD e a xestión informática do documento actividades formativas
  - Para os estudantes de terceiro ano, as saídas profesionais, as bolsas / contratos postdoutorais, os trámites para a defensa da tese e a información sobre a mención internacional
  - Para o profesorado, o apoio económico ao estudantado, as axudas á mobilidade predoutoral e a xestión dos Procedementos sobre a dirección da tese

A continuación, o Xefe de servizo de Posgrao e o subdirector da EIDO comentan as principais acción executadas:

- Información xeral do PD: Mellora da información xeral na web da Uvigo, así como o acceso ás web propias de cada programa e á memoria de verificación.
- Xestión informática do documento de actividades formativas: Habilitouse a posibilidade de incorporar documentación xustificativa de cada actividade dende a propia SVE; mellorouse o fluxo de informes para a validación de cada actividade, e, finalmente, mellorouse o control da realización de actividades obrigatorias para cada programa de doutoramento, así como a presentación para o PDI da información sobre a data límite de depósito da tese de cada alumno.
- Trámites defensa da tese/Xestión dos procedementos sobre a dirección da tese: No novo Regulamento de Estudos de Doutoramento, aprobado en febreiro de 2020, no seu artigo 35, (Procedemento de autorización da tese para a súa defensa), eliminouse o prazo de 20 días naturais para enviarlle á EIDO un informe individual e razoado en que se valore a tese e figure explicitamente o ditame sobre se se autoriza ou non a súa defensa, xa que non aportaban gran cousa á tramitación e provocaban un retraso considerable de data de lectura da tese; na mesma dirección, a partir de xuño de 2020, o alumnado pode subir directamente a súa tese de doutoramento a través da Secretaría Virtual do Estudante, realizando o informe de similitude cada Área Académica de Posgrao, e remplazando os formularios físicos TC-24 e TC-25 por formularios na Secretaría Virtual do PDI, o que pode axiliar tamén a tramitación inicial da presentación da tese de doutoramento.
- Axudas á mobilidade pre e postdoutoural: na xornada de benvida recibirán información das axudas pre y posdoutourais e dos requisitos para a mención internacional; desde este ano, as axudas de viaxe están centralizadas na EIDO para simplificar o procedemento.
- Outras melloras: tamén no novo Regulamento eliminouse a necesidade de matricularse todos os cursos a tempo completo, para solicitar posteriormente, no seu caso, a modalidade de

tempo parcial cada curso; respecto á preinscrición mellorouse o sistema de xestión de listas de agarda, a xestión da documentación incorporada e a información sobre os diferentes estados das solicitudes (solicitado, admitido provisional, admitido definitivo, matriculado, denegado, renuncia voluntaria, lista de agarda, anulado); e respectos aos aspectos menos valorados.

Programación de actividades para o novo ciclo de avaliación 2019/20 a 2021/22

En canto á programación para os cursos 2019/20 a 2021/22, non cambiou no RD 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento e outra lexislación aplicable, que afecten ao programa de satisfacción, e a única novidade é a aplicación do procedemento MC-02 (Medición de satisfacción). Tampouco cambiaron os modelos de seguimento e acreditación (guías ACSUG). Por último, hai que recordar que a maioría dos PD van renovar a acreditación no período 2019-2021.
Os obxectivos xerais do programa de medición de satisfacción da EIDO serían a optimización do uso das ferramentas de medición a partir da experiencia adquirida o avance na harmonización das metodoloxías e dos cuestionarios coas outras universidades do SUG. As mellores metodoloxías propostas son:

- Xenéricas: no ano 2020 validaranse as fichas de cada tipo de medición na Comisión de Calidade da EIDO. No curso 2020/21 porase en marcha unha proba piloto de cálculo automático (UAP/ATIC). No ano 2021, avanzarase nalgunha proba piloto para combinar metodoloxías cuantitativas (enquisas) con cualitativas (grupos de discusión sobre temas específicos). E finamente, a partir de 2020 avanzarase na harmonización das metodoloxías e cuestionarios no SUG partindo das propostas de UVigo.
- Estudantes: manterase outubro como mes de referencia para as enquisas. Os cuestionarios manteranse sen cambios ata rematar o actual ciclo de acreditación (2020/21 e 2021/22). Despois revisaranse para optimizalos e orientalos á fase entrada (1º ano) e desenvolvemento (3º ano).
- Estudantes – fin de tese: no 2020 desenvolverase o cuestionario e a ficha metodolóxica (orientado á fase de presentación da tese / saída), para comezar en outubro de 2021.
- Titulados: no 2020 incorporaranse os doutores na enquisa do Observatorio de egresados da UVigo do Consello Social. Da enquisa da inserción laboral da ACSUG non se coñece a data de activación.
- PDI (direccións e titores/as de teses): sen cambios ata finalizar o ciclo actual de acreditación.
- PAS: no 2020 elaborarase o cuestionario e validarase a ficha metodolóxica, propoñendo o cuestionario en grupo de traballo como base para harmonización no SUG.
- Entidades colaboradoras e emprendedores: discutirase no SUG 2021.
- O calendario sería:

| Grupo de interese | 2019/20 | 2020/21 | 2021/22 |
|---|---|---|---|
| Estudantes 1º ano | Xuño › Setembro 2020 (curso 2018/19) | Outubro 2020 (curso 2019/20) | Outubro 2021 (curso 2020/21) |
| Estudantes 3º ano | Xuño › Setembro 2020 (curso 2018/19) | Outubro 2020 (curso 2019/20) | Outubro 2021 (curso 2020/21) |
| Estudantes fin da tese | - | | Desde outubro 2021 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Titulados inserción laboral (ano n+2) | - | Depende do Consello Social | Depende do Consello Social |
| PDI (direccións e titores/as de teses) | Xullo 2020 | - | Xullo 2022 |
| PAS | - | Maio 2021 | |
| Entidades colaboradoras e empregadores | - | Por confirmar | Por confirmar |

A Comisión de Calidade aproba por asentimento as metodoloxías, cuestionarios e calendario. Tamén se acorda que o cuestionario e a metodoloxía de avaliación para o PAS se envíe ás outras universidades do SUG para intentar chegar a un acordo de harmonización.

## 6 Certificación do deseño do sistema de garantía de calidade de doutoramento: análise do informe e aprobación do plan de melloras

O técnico superior de calidade da Área de Calidade presenta o histórico sobre a certificación do SGC de doutoramento, e o informe emitido pola ACSUG do 30/07/2019:

| | **Síntese dos resultados** | **Accións / Comentarios** |
|---|---|---|
| INFORME | FAVORABLE<br>(1ª)<br>14 recomendacións | A Eido, a primeira de Galicia en certificar o deseño do seu SGC<br>DUVI, 21.10.2019:<br>https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/escola-internacional-doutoramento-uvigo-primeira-galicia-certificar-deseno-seu-sistema-garantia |
| RECOMENDACIÓNS | 2 Manual Calidade<br>4 Medición Satisfacción<br>3 Xestión dos PD / Revisión do SGC<br>2 Control dos documentos<br>2 Recursos humanos<br>1 Recursos materiais e servizos | 8 Melloras / axustes nos procesos: revisión do SGC (4º T 2020)<br>2 Fichas técnicas medición da satisfacción – 3º T 2020<br>4 Non procede / non é necesario ningunha acción |

Aínda que ACSUG non impón a posta en marcha dun plan de melloras, á vista do resultado favorable, a Comisión de Calidade aproba por asentimento o plan de melloras recollido na táboa.

**7 Presentación do informe anual de resultados de queixas, suxestións e parabéns (QSP) en doutoramento**

O técnico superior de calidade da Área de Calidade presenta o contexto no que se define o QSP da EIDO.

O subdirector da EIDO presenta o Informe 2019 da Unidade de Análises e Programas, as 8 QSP recibidas ata o día da reunión, e as estatísticas:

- 5 queixas, 1 suxestión e 2 preguntas recibidas
- 8 QSP en 3 cursos académicos, a unha media de 2,66 QSP por curso
- 6,4 días de media en responder ás QSP

A Comisión de Calidade aproba por asentimento darlle visibilidade ó sistema de QSP e mellorar o tempo de resposta.

**8 Rolda de intervencións**

Non se produciron intervencións.

ACORDOS

1 Apróbase a acta anterior, ordinaria, do 19.07.2019.

2 Apróbase adiar o prazo de presentación dos informes de acreditación dos PD

2 Apróbanse as metodoloxías, cuestionarios e calendario da programación das enquisas para o ciclo 2019/20 – 2021/22.

3 Apróbanse o plan de melloras do sistema de garantía de calidade de doutoramento

4 Apróbase darlle visibilidade ó sistema de QSP de doutoramento e mellorar o tempo de resposta

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace
O presidente

**PUNTO 5**

**Análise dos resultados de satisfacción do ciclo 2017/18 – 2018/19 e aprobación das metodoloxías e da programación para o ciclo 2019/20 – 2021/22**

Contido do documento:

- ✓ Presentación
- ✓ Ficha técnica Doutorandos
- ✓ Ficha técnica Profesorado
- ✓ Cuestionario directores e titores
- ✓ Ficha técnica PAS
- ✓ Cuestionario PAS

# Deseño da avaliación da satisfacción dos grupos de interese dos PD da EIDO

Programa de Medición da Satisfacción
2019/20
2020/21
2021/22

Comisión de Calidade da Eido
Xullo 2020

Universida de Vigo

Área de Calidade



## Obxecto

Establecer a programación da avaliación da satisfacción para o período 2019/20 a 2021/22.

Índice:

1. Seguimento e análise dos resultados do período 2017/18 a 2018/19
   - Aspectos metodolóxicos
   - Resultados de participación e de satisfacción
   - Principais accións executadas

2. Programación 2019/20 a 2021/22
   - Contexto
   - Melloras e Obxectivos
   - Calendario

Referencias:
-Deseño da avaliación da satisfacción dos grupos de interese da Eido aprobada na Comisión de Calidade de febreiro de 2018

Universida de Vigo

Área de Calidade

1

## Seguimento e análise dos resultados do período 2017/18 a 2018/19








## Aspectos metodolóxicos

Programación (1/2)

| Grupo de interese | 2017/18 | 2018/19 | Metodoloxía | Comentarios |
|---|---|---|---|---|
| Estudantes 1º ano | ✓ | ✓ | Enquisa en liña (plataforma LimeSurvey) | Previstas para outubro, tras o remate do curso. Realizáronse entre o 01.12.2017 - 19.01.2018 (2017/18) e 14.03.2019 – 14.04.2019 (2018/19) Previamente realizouse tamén (2016/17) entre o 24.10 e o 1.12 de 2016. Os datos corresponden a valoracións sobre o curso anterior respectivo. |
| Estudantes 3º ano | ✓ | ✓ | Id | Id |
| Estudantes fin da tese | ✗ | ✗ | | Previstas para realizarse ao recoller o título; non se desenvolveu o cuestionario |
| Titulados inserción laboral (ano n+2) | - | - | | Depende de ACSUG; por agora considera que non hai unha poboación relevante |
| PDI (direccións e titores/as de teses) | ✓ | - | Id | Bienal. En 2017/18 abrangueu toda a poboación desde o 2012/13 ata 2017/18. Realizouse entre o 11.06 e 8.07 de 2018. |

# Aspectos metodolóxicos

Programación (2/2)

| Grupo de interese | 2017/18 | 2018/19 | Metodoloxía | Comentarios |
|---|---|---|---|---|
| PAS | - | ✗ | Grupo de opinión | Bienal. Estaba prevista para febreiro de 2019. Non se realizou (harmonización coas outras universidades do SUG?) |
| Entidades colaboradoras e empregadores | - | - | | Non prevista no período. Poboación, metodoloxía e temporalidade por analizar |
| | | | | |

Conclusións:

- Activáronse mecanismos de avaliación da satisfacción para colectivos relevantes (estudantes, PDI)
- De entre os que quedan pendentes, quizais conviría analizar unha posible fonte de información dos titulados a través do Consello Social. Respecto do PAS, por agora non foi posible definir o cuestionario e poñer en marcha os grupos.
- As frecuencias de realización e as metodoloxías, por agora, semellan axeitadas.
- Os cuestionario para os estudantes son quizais algo extensos





# Resultados de participación

(1/2)

| Grupo de interese | 2017/18 | 2018/19 | Comentarios |
|---|---|---|---|
| Estudantes 1º ano | 50,61% | 50,42% | Resultados de 2016/17: 52,76%<br>2017/18: 94% PD (34/36) con participación ≥20%<br>2018/19: 87%PD (33/38)con participación ≥20% |
| Estudantes 3º ano | 47,3% | 42,6% | Resultados de 2016/17: 44,1%<br>2017/18: 87% PD (27/31) con participación ≥20%<br>2018/19: 91%PD (30/33)con participación ≥20% |
| Estudantes fin da tese | ✗ | ✗ | |
| Titulados inserción laboral (ano n+2) | - | - | |
| PDI (direccións e titores/as de teses) | 52,73% | - | Non hai datos dispoñibles por PD |

# Resultados de participación

Programación (2/2)

| Grupo de interese | 2017/18 | 2018/19 | Comentarios |
|---|---|---|---|
| PAS | - | ✗ | |
| Entidades colaboradoras e empregadores | - | - | |
| | | | |

Conclusións:

- Os resultados de participación son moi positivos, con valores mesmo por riba do 50%,
- Estudantes: maior participación entre os de 1º ano (máis dun 50%) que os de 3º (entre 42 - 47%), pero con certa estabilidade nos datos. Por PD, a variabilidade é importante, pero unha gran maioría dos PD teñen valores de máis dun 20% (nun intervalo de 20-70%). En todo caso, sería interesante acadar unha maior harmonización.
- PDI: a primeira enquisa obtivo resultados de case un 53% (sen datos por PD)
- As actividades para fomentar a participación (combinación dos impactos empregando mensaxes automáticas, redes sociais da universidade e información a través das CAPD) por agora son efectivas.



Programa de Medición da Satisfacción - EIDO calidade.uvigo.es

# Resultados de satisfacción

(1/2)

| Grupo de interese | 2017/18 | 2018/19 | Comentarios |
|---|---|---|---|
| Estudantes 1º ano | 3,33 | 4,04 (OC2 : 3,5) | Resultados de 2016/17: 3,83<br>2017/18: 83% PD (30/36) con satisfacción ≥3<br>2018/19:<br>100% PD (38) con satisfacción ≥3<br>95% PD (36/38) con satisfacción ≥3,5 (OC2) |
| Estudantes 3º ano | 3,49 | 3,76 (OC2: 3,5) | Resultados de 2016/17: 3,49<br>2017/18: 81% PD (25/31) con satisfacción ≥3<br>2018/19:<br>85%PD (28/33) con satisfacción ≥3<br>67% PD (22/33) con satisfacción ≥3,5 (OC2) |
| Estudantes fin da tese | ✗ | ✗ | |
| Titulados inserción laboral (ano n+2) | - | - | |
| PDI (direccións e titores/as de teses) | 3,65 | - (OC3: 3,65) | 100% PD (38) con satisfacción ≥3 |

Escala de satisfacción: 1 (máis negativo) → 5 (máis positivo)
OC: Obxectivo de Calidade da Eido

## Resultados de satisfacción

Programación (2/2)

| Grupo de interese | 2017/18 | 2018/19 | Comentarios |
|---|---|---|---|
| PAS | - | ✗ (OC3: 3,65) | |
| Entidades colaboradoras e empregadores | - | - | |
| | | | |

Conclusións:

- En liñas xerais, os resultados de satisfacción son positivos, con valores da escala máis preto do *satisfactorio* (4/5) que do *aceptable* (3/5).
- Estudantes: apréciase unha tendencia positiva, aínda por confirmar, tanto nos de 1º ano como nos de 3º. Por PD, a variabilidade é menor ca en termos de participación, tamén cunha gran maioría dos PD con valores superiores a 3/5, e con moitos deles superiores a 4/5.
- PDI: a primeira enquisa obtivo un resultado de *aceptable* (3/5). Destaca que o 100% PD teñen unha valoración media superior a 3.
- Obxectivos de Calidade: sobre as avaliacións realizadas, acádanse os obxectivos previstos.





## Resultados de satisfacción

Conclusións (segue):

| | Estudantes 1º ano | Estudantes 3º ano | Profesorado |
|---|---|---|---|
| Aspectos máis valorados | Direccións de teses<br>Titores/as<br>Coordinación do PD<br>Profesorado do PD | Direccións de teses<br>Profesorado do PD<br>Titores/as<br>Relación cos obxectivos profesionais | A formación investigadora adquirida polo estudantado<br>A adecuación e a dispoñibilidade de recursos<br>Motivación e coñecemento do estudantado<br>Información proporcionada pola CAPD |
| Aspectos menos valorados | Sistema de bolsas/contratos<br>Info xeral do PD<br>Xestión informática do documento actividades formativas | Saídas profesionais<br>Bolsas / contratos postdoutorais<br>Trámites defensa da tese<br>Info sobre a mención internacional | O apoio económico ao estudantado<br>Axudas á mobilidade predoutoral<br>Xestión dos Procedementos sobre a dirección da tese |

## Principais accións executadas





2

## Programación 2019/20 a 2021/22

# Contexto

**Exixencias lexislativas**

Non hai cambios canto o RD 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento e outra lexislación aplicable, que afecten ao programa de satisfacción.

**Programas de calidade**

- SGC de doutoramento
  - Implantación do procedemento MC-02 Medición da Satisfacción
- Seguimento e acreditación dos PD
  - Non hai cambios nos modelos (guías ACSUG)
  - Procesos de acreditacións para a maioría dos PD no período 2019-2021
  - Resultados das avaliacións (ACSUG):
    - Alta satisfacción do estudantado
    - Completar a recollida de información para os grupos de interese pendentes





# SUG – Análise comparativa

| Grupo de interese | UVigo | USC | UdC |
|---|---|---|---|
| Estudantes | Inicio: 2017 (curso 2015/16)<br><br>Enquisa anual online<br>1º ano e 3º ano | Inicio: 2018 (curso 2017/18)<br><br>Enquisa anual online<br>(maio-xuño)<br>3º ano? | Inicio: 2018 (curso 2017/18)<br><br>Enquisa anual online<br>3º ano? |
| Estudantes fin da tese | Sen desenvolver<br>(ao recoller o título) | - | Definida e pte. aplicación 2020<br>(ao recoller o título) |
| Doutores - titulados / Inserción laboral | Sen desenvolver<br>(pendente de reunión co Consello Social)<br>Inserción: ACSUG (ano n+2)? | Inicio: 2019<br>Enquisa anual online?<br>(maio-xuño ano n+1) | |
| PDI | Inicio: 2018<br>(cursos 2013-18)<br>Enquisa bienal online - maio<br>Directores e titores de teses | Inicio: 2019<br>(curso 2018/19)<br>Enquisa anual online?<br>(maio-xuño)<br>Directores e titores de teses | Inicio: 2018 (curso 2017/18)<br><br>Enquisa anual online<br>Todo o PDI do PD |
| PAS | Inicio: 2020<br>Grupo de discusión | Enquisa xenérica de clima laboral<br>Sen desenvolver a específica de doutoramento | Inicio: 2019 (curso 2018/19)<br>Enquisa bienal online<br>PAS apoio EIDUDC e Un. Apoio Departamentos e Investigación |

## Obxectivos e melloras

**OBXECTIVOS XERAIS**

1.Optimizar o uso das ferramentas de medición, a partir da experiencia adquirida
- Mellor emprego das metodoloxías de recollida de datos (máis válidos e útiles)
- Avanzar na automatización dos cálculos dos resultados
- Mellor análise e decisión (accións de mellora máis eficaces)
- Mellor difusión dos resultados

2.Avanzar na harmonización das metodoloxías e dos cuestionarios coas outras universidades do SUG





## Melloras metodolóxicas

0 **Xenéricas**

- 2020: Validar as fichas de cada tipo de medición na Comisión de Calidade da Eido
- 2020-2021: Tratamento dos datos: poñer en marcha unha proba piloto de cálculo automático (UAP/ATIC)
- 2021: Avanzar nalgunha proba piloto para combinar metodoloxías cuantitativas (enquisas) con cualitativas (grupos de discusión sobre temas específicos)
- 2020-??: Avanzar na harmonización das metodoloxías e cuestionarios no SUG <u>a partir das propostas UVigo</u>

## Melloras metodolóxicas

**1 Estudantes**

- Calendario: manter outubro como mes de referencia
- Cuestionarios:
  - mantéñense sen cambios (1º e 3º ano) ata rematar o actual ciclo de acreditación (2020/21 ou 2021/22)
  - Revisaranse para optimizalos e orientalos á fase *entrada* (1º ano) e *desenvolvemento* (3º ano)

**2 Estudantes – fin de tese**

- 2020 Desenvolver o cuestionario e a ficha metodolóxica (orientado á fase de *presentación da tese / saída*)



Programa de Medición da Satisfacción - EIDO calidade.uvigo.es

## Melloras metodolóxicas

**3 Titulados**

- 2020: Incorporar os doutores na enquisa do Observatorio de egresados da Uvigo –> Consello Social
- Inserción laboral – ACSUG: non se coñece a data de activación

**4 PDI (direccións e titores/as de teses)**

- Sen cambios ata finalizar o ciclo actual de acreditación

UniversidadeVigo Área de Calidade

## Melloras metodolóxicas

**5 PAS**

- 2020: Activar (elaborar o cuestionario e validar a ficha metodolóxica)
- 2020: Propoñer o cuestionario como base para harmonización no SUG

**6 Entidades colaboradoras e empregadores**

- 2021: Discutir no SUG





## Calendario

| Grupo de interese | 2019/20 | 2020/21 | 2021/22 | Comentarios |
|---|---|---|---|---|
| Estudantes 1º ano | Xuño › Setembro 2020 (curso 2018/19) | Outubro 2020 (curso 2019/20) | Outubro 2021 (curso 2020/21) | Realización conxunta? |
| Estudantes 3º ano | Xuño › Setembro 2020 (curso 2018/19) | Outubro 2020 (curso 2019/20) | Outubro 2021 (curso 2020/21) | Id |
| Estudantes fin da tese | - | Desde outubro 2020 | Desde outubro 2021 | |
| Titulados inserción laboral (ano n+2) | - | Depende do Consello Social | Depende do Consello Social | |
| PDI (direccións e titores/as de teses) | Xullo 2020 | - | Xullo 2022 | |
| PAS | - | Maio 2021 | | |
| Entidades colaboradoras e empregadores | - | Por confirmar | Por confirmar | |

**MEDICIÓN DA SATISFACCIÓN**

PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

# Ficha técnica da actividade de medición

## DOUTORANDOS/AS

## Actividade

Medición da satisfacción dos/as doutorandos/as cos programas de doutoramento (PD) da Universidade de Vigo

### Obxecto da actividade

Obter información útil relativa á satisfacción dos/as doutorandos/as respecto dos PD para mellorar a calidade destes, e así contribuír á mellora da formación do estudantado de doutoramento e á mellora da propia universidade.

### Responsable da actividade

Dirección da Escola Internacional de Doutoramento (Eido) da Universidade de Vigo, que asume a dirección, supervisión e control xeral da súa realización.

As cuestións administrativas de preparación e de información son tratadas co Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao.
As cuestións técnicas (p.ex., o deseño do cuestionario, a metodoloxía de medición) son tratadas coa Área de Calidade.
As cuestións ligadas á presentación dos resultados son tratadas coa Unidade de Análises e Programas.
As cuestións ligadas á dispoñibilidade, funcionamento e mantemento das aplicacións informáticas que lle dan soporte á enquisa, así como a administración dos datos, son responsabilidade da Área de Tecnoloxías de Información e de Comunicación (ATIC).

## Alcance da actividade

### Ámbito

Abrangue todos os programas de doutoramento oficiais activos adscritos á Eido da Universidade de Vigo.

### Poboación

Enquisa de 1º ano:
Todos os/as doutorandos/as matriculados na Universidade de Vigo no primeiro ano do PD no curso respecto do cal se quere medir a satisfacción.

<u>Enquisa de 3º ano</u>:
Todos os/as doutorandos/as matriculados na Universidade de Vigo no terceiro ano do PD (e que estiveron matriculados antes nos anos anteriores)

Tamaño da poboación:
O tamaño da poboación varía dependendo da matrícula anual. De xeito aproximado, está na orde seguinte:

1º ano: 400 – 500 persoas
3º ano: 250 – 350 persoas

### Criterios de selección da mostra, das persoas entrevistadas ou das persoas participantes

Non hai mostraxe (pregúntase a toda a poboación)

### Tamaño da mostra ou número de persoas entrevistadas ou de persoas participantes

-

## Modelo de medición

### Metodoloxía

Enquisa de satisfacción.

### Cuestionario

Cuestionario auto-administrado dispoñible en liña (aplicación informática).

Estrutura:
- Datos de entrada
- Valoración en 5 bloques de preguntas coincidentes en ambos os dous cuestionarios.
  En cada bloque pregúntase sobre a percepción sobre os aspectos que se consideran máis relevantes (14 preguntas no de 1º ano e 27 no de 3º ano)
- Valoración da satisfacción global co PD (1 pregunta)

### Escala de valoración

Preguntas de valoración cuantitativa:

Escala numérica con 5 graos de valoración (de 1 a 5), sendo 1 o valor máis negativo da escala, 3 o valor central e 5 o máis positivo.

| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|
| Moi insatisfactorio | Insatisfactorio | Aceptable | Satisfactorio | Moi satisfactorio |

Área de Insatisfacción | Área de Satisfacción

Preguntas de valoración cualitativa:

O cuestionario incorpora algunha pregunta de resposta *Si/Non*.

Todas as preguntas inclúen a opción *Sen resposta* no caso de que a dita pregunta non sexa aplicable ou non se desexe contestar.

## Planificación temporal

### Frecuencia de realización

Anual

### Período de realización

Outubro (aproximado)

## Presentación dos resultados

Os informes de resultados recollen os datos para cada programa de doutoramento e o total agregado para todos os estudos de doutoramento da Universidade de Vigo.

Resultados de participación:

-Número de participantes posibles, número de participantes que cubriron o cuestionario e taxa de resposta, segundo o sexo.

Resultados de satisfacción:

Os resultados de cada programa expresan a opinión media dos que responden ao cuestionario.

A valoración global de cada pregunta, criterio ou total da universidade calcúlase de xeito agregado tendo en conta todas as respostas (e non como cálculo de medias).

### Especificacións técnicas (validez dos resultados)

Ao tratarse dun censo (está dirixida a toda a poboación, logo non hai mostraxe probabilista), os resultados son exactos, non estimacións, sen erro de mostraxe.

# MEDICIÓN DA SATISFACCIÓN

PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

# Ficha técnica da actividade de medición

PROFESORADO DE DOUTORAMENTO

(TITORES/AS E DIRECTORES/AS DE TESE)

## Actividade

Medición da satisfacción do persoal docente e investigador (PDI) cos programas de doutoramento (PD) da Universidade de Vigo

### Obxecto da actividade

Obter información útil relativa á satisfacción do PDI respecto dos PD para mellorar a calidade destes, e así contribuír á mellora da formación do estudantado de doutoramento e á mellora da propia universidade.

### Responsable da actividade

Dirección da Escola Internacional de Doutoramento (Eido) da Universidade de Vigo, que asume a dirección, supervisión e control xeral da súa realización.

As cuestións administrativas de preparación e de información son tratadas co Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao.
As cuestións técnicas (p.ex., o deseño do cuestionario, a metodoloxía de medición) son tratadas coa Área de Calidade.
As cuestións ligadas á presentación dos resultados son tratadas coa Unidade de Análises e Programas.
As cuestións ligadas á dispoñibilidade, funcionamento e mantemento das aplicacións informáticas que lle dan soporte á enquisa, así como a administración dos datos, son responsabilidade da Área de Tecnoloxías de Información e de Comunicación (ATIC).

## Alcance da actividade

### Ámbito

Abrangue todos os programas de doutoramento oficiais activos adscritos á Eido da Universidade de Vigo.

### Poboación

Todo o cadro docente asociado aos PD, nos anos académicos correspondentes (é dicir, nos 2 últimos anos), segundo a planificación aprobada no Plan de Organización Docente (POD) da Universidade de Vigo.
Inclúe persoal doutras universidades.

Tamaño da poboación:
O tamaño da poboación varía dependendo do cadro docente anual, aínda que é relativamente estable.
De xeito aproximado, está no rango de 800 – 900 persoas.

### Criterios de selección da mostra, das persoas entrevistadas ou das persoas participantes

Mostraxe non aleatorio.

Entre todo o profesorado, selecciónanse os directores/as e titores/as de teses, por ter unha información máis completa e relevante do funcionamento dos PD.

### Tamaño da mostra ou número de persoas entrevistadas ou de persoas participantes

O tamaño é variable, depende do número de directores/as e titores/as de cada ano académico.

## Modelo de medición

### Metodoloxía

Enquisa de satisfacción.

### Cuestionario

Cuestionario auto-administrado dispoñible en liña (aplicación informática).

Estrutura:

- Datos de entrada

Valoración por criterios (dimensións) coincidentes coas definidas no programa de seguimento e acreditación da ACSUG para os PD.

En cada criterio pregúntase sobre a percepción sobre os aspectos que se consideran máis relevantes (15 preguntas)

- Valoración da satisfacción global co PD (1 pregunta)
- Suxestións de mellora: aspectos máis positivos e aspectos mellorables do PD (2 preguntas)

### Escala de valoración

Preguntas de valoración cuantitativa:

Escala numérica con 5 graos de valoración (de 1 a 5), sendo 1 o valor máis negativo da escala, 3 o valor central e 5 o máis positivo.

| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|
| Moi insatisfactorio | Insatisfactorio | Aceptable | Satisfactorio | Moi satisfactorio |
| Área de Insatisfacción | | | Área de Satisfacción | |

